

PIERRE AUBENQUE, JAMES GRIFFIN,
ROM HARRÉ, ALÉXIS PHILONENKO
IN MEMORIAM

Nos últimos tempos, tivemos que lamentar o falecemento de catro distinguidos universitarios, profesores e investigadores de recoñecemento internacional, membros do comité científico da nosa revista: Pierre Aubenque, James Griffin, Rom Harré e Aléxis Philonenko. Todos eles estiveron ligados, alén de polo seu vínculo coa revista *Agora*, polo seu quefacer académico profesional á Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela. Como consecuencia desas vinculacións, investigadoras e mesmo docentes, Pierre Aubenque, en 1998, e James Griffin, en 2003, recibéron o título de Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela.

Pierre Aubenque, filósofo francés, falecido no 23 de febreiro de 2020 aos 91 anos, especialista de renome mundial en Aristóteles, visitou varias veces a Facultade de Filosofía, como investigador e como docente, deixando unha magnífica impresión en estudantes e profesores. Os colegas da universidade compostelá ofrecéronlle un fermoso libro colectivo de homenaxe, *En torno a Aristóteles*, con ocasión da concesión e entrega do doutorado Honoris Causa pola nosa Universidade.

James Griffin, filósofo anglo-americano, falecido no 21 de novembro de 2019 aos 86 anos, foi un destacado académico no campo da filosofía moral, nomeadamente na ética, tamén na súa dimensión pública. O profesor Griffin visitou varias veces a Facultade de Filosofía, como investigador e como docente, mantendo unha frutífera relación cos colegas da Universidade compostelá, que, no seu nomeamento como Doutor Honoris

Causa, o agasallaron con *Understanding Griffin*, un monográfico da revista *Télos*, editada pola nosa Universidade.

Rom Harré, filósofo británico, falecido no 17 de outubro de 2019 con 91 anos, desenvolveu unha actividade filosófica (e científica) multifacetada, leccionando nunha ocasión como profesor visitante, dentro da área de lóxica e filosofía da ciencia, na Facultade de Filosofía, con grande aproveitamento de estudantes e profesorado.

Aléxis Philonenko, filósofo francés, falecido no 12 de setembro de 2018 aos 86 anos, tamén visitou, mais ocasionalmente, a nosa Facultade e Universidade, deixando un punxente recordo.

Alén da súa colaboración como membros do comité científico, Aléxis Philonenko, en 1988, e Pierre Aubenque, en 1991, publicaron nas páxinas da revista *Agora*. James Griffin, en 1993, 1998 e 2001, fixo o propio en *Télos*. E a nosa revista acolleu tamén artigos de Esperanza Guisán, en 1991, en diálogo con J. Griffin, e de José Miguel Sagüillo, en 1984, e de Christian Carman, en 2005, acerca de R. Harré.

Agora. Papeles de Filosofía